



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Delegación de Santiago
Avda. Novoa Santos s/n (Estadio da Universidade)
15706 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981192331 / 619847195/
Correo electrónico: FGAsantiago@gmail.com

Departamento Municipal de Deportes de Santiago



II CROSS DE COMPOSTELA

CONCELLO DE SANTIAGO

CAMPIONATO GALEGO DE VETERANS DE CAMPO A TRAVES

O Excmo. Concello de Santiago de Compostela a través do seu Departamento de Deportes organiza, xunto coa Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago), o **DOMINGO 17 DE FEBREIRO DE 2013** no circuito compostelán do Monte do Gozo o **II CROSS DE COMPOSTELA** que será a súa vez **CAMPIONATO GALEGO DE VETERANS DE CAMPO A TRAVES**.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices e segundo o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar todos os atletas das seguintes categorías (homes e mulleres):

- **Benxamin** atletas nados nos anos 2004 e 2005
- **Alevín** atletas nados nos anos 2002 e 2003
- **Infantil** atletas nados nos anos 2000 e 2001
- **Cadete** atletas nados nos anos 1998 e 1999
- **Xuvenil** atletas nados nos anos 1996 e 1997
- **Junior** atletas nados nos anos 1994 e 1995
- **Promesa** atletas nados nos anos 1991, 1992 e 1993
- **Senior** atletas nados entre 1990 e 1979
- **Veteranos** segundo categorías para o campionato galego (para o cross popular en 1978 e anteriores)

2. Poderán participar todos os atletas das citadas categorías que sexan ou non **FEDERADOS** no **II Cross de Compostela**¹, máis só puntuarán no Campionato Galego de veteranos de Campo a Través os que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2012/2013) por algún clube pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas condicións anteriores.

**Segundo acordo de Asemblea, os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España, non poderán optar aos podiums dos Campionatos Galegos.*

¹ Nas categorías escolares (de benxamíns a xuvenil) e no Cross Popular (de junior a veteranos), a participación estará aberta a tódolos centros, clubs, asociacións... e atletas individuais que estén ou non en posesión do seguro escolar ou de licencia federativa.

3. Para o **CAMPIONATO GALEGO DE VETERANS DE CAMPO A TRAVES DE VETERANS** tomaranse como referencia as categorías reflexadas na circular do Campionato publicadas na web www.atletismogalego.org. Realizaranse as seguintes clasificacións por equipos, tanto en homes como en mulleres:

HOMES	MULLERES
- M-35/M40 De 35 a 44 anos. - M-45/+ De 45 anos en diante.	- F-35/+ De 35 anos en diante.

Para o **CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES DE VETERANS** realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase en cada unha das 3 carreiras programadas. Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate clasificaranse en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante). Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

Os atletas poderán baixar de categoría, sendo polo menos 2 dos atletas que puntúan no equipo da categoría na que se quere puntuar (a inferior). Un atleta poderá baixar de categoría para puntuar co seu equipo sempre que o manifeste á hora da inscrición, en caso contrario, puntuará co seu grupo de idade. Non se permitirán cambios o día da proba.

4. **DISTANCIAS APROXIMADAS E HORARIOS**

<u>II CROSS DE COMPOSTELA / CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS CAMPO A TRAVÉS</u>			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
10:00 h	Benxamín - Alevín	Mixto (H-M)	1000 m aprox.
10:15 h	Infantil	Mixto (H-M)	2000 m aprox.
10:30 h	Cadete – Xuvenil	Mixto (H-M)	3000 m aprox.
10:45 h	CROSS POPULAR (junior, promesa, senior e veteranos)	Mixto (H-M)	5160 m aprox.
11:15 h	Entrega de PREMIOS CATEGORIAS ESCOLARES E CROSS POPULAR		
11:35 h	VETERANAS	Mulleres	5160 m aprox.
12:10 h	VETERÁNS (M35-M40)	Homes	7300 m aprox.
13:10 h	VETERÁNS (M45 e seguintes)	Homes	5160 m aprox.
14:20 h	Entrega de PREMIOS CAMPIONATO GALEGO CAMPO A TRAVÉS		

5. As inscricións das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e cross popular (junior, promesa, senior e veteranos/as que non participen no Campeonato Galego) realizaranse a través do formulario online presente nas webs www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org como máximo ata o **xoves 14 de febreiro ás 23 horas**. Deberán reflexar os datos requeridos no formulario de inscrición online.
6. As inscricións do Campionato Galego de Campo a Través de Veteráns realizarase a través da web da RFEA na dirección <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata o **martes día 12 de febreiro ás 20:00 horas**.
7. Para o Campionato Galego de Campo a Través, os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar os seus dorsais ata 45 minutos antes da saída de cada proba na **SECRETARIA DA COMPETICIÓN**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

8. PREMIOS

CAMPIONATO GALEGO

Medalla os 3 primeiros atletas clasificados a nivel individual, así como trofeo os 3 primeiros equipos, sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións.

CROSS DE COMPOSTELA (categorías escolares e Cross Popular)

Medalla os 3 primeiros atletas clasificados a nivel individual de cada categoría establecida no presente regulamento, sendo estas ***benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos (1 soa categoría)*** tanto en homes como en mulleres.

9. A orde de colocación dos equipos no Campionato Galego de Veteráns respectivos na saída realizarase por sorteo.
10. Tódolos atletas que participen no **Campionato Galego de Veteráns** deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba onde deberán acreditar a súa identidade (presentación da ficha federativa, DNI ou documento acreditativo).
11. Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumplimento desta norma será motivo de descalificación.
12. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.